

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

MUXIA



DOCUMENTO IV :

ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO

PROMOTOR:



CONCELLO DE MUXÍA

EQUIPO REDACTOR:



AVDA DEL EJÉRCITO 12-14, 4º
15006 A CORUÑA
Telfs.: 981 24 43 00 Fax: 981 24 48 99
e-mail: planeamiento@cerneingenieria.es

A B R I L - 2 0 1 6

DOCUMENTO IV

**ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN
E ESTUDIO ECONOMICO.**

INDICE

DOCUMENTO IV	ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN ESTUDIO ECONÓMICO
---------------------	--

ANEXO I	RESUME ORZAMENTO 2.013
----------------	-------------------------------

ÍNDICE

DOCUMENTO IV.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDIO ECONÓMICO

1.- MARCO LEGAL

2.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN

2.1.- Relación de actuacións

2.1.1.- Áreas de solo urbano non consolidado

2.1.2.- Sector do solo urbanizable delimitado

2.1.3.- Sistema xeral de equipamentos

2.1.4.- Sistema xeral de espazos libres e zonas verdes

2.1.5.- Sistema xeral viario

2.1.6.- Sistema local de equipamentos

2.1.7.- Sistema local de espazos libres e zonas verdes

2.1.8.- Sistema local viario

3.- ESTUDIO ECONÓMICO

4.- XUSTIFICACIÓN DA INVERSIÓN MUNICIPAL

1.- MARCO LEGAL

No marco da lei 9/2002, do 30 de Decembro, de Ordenación de Galicia e Protección do Medio Rural, posibilitase que o Plan Xeral de Ordenación Municipal pode ter uns fins e contidos diversos, determinados polas características e complexidade urbanística existente no territorio respectivo, que aconsellará a opción máis adecuada para cada específica situación.

As escasas referencias que ofrece a Lei de Ordenación de Galicia ó contido da Estratexia de Actuación e Estudio Económico dos plans son basicamente:

Art. 52.- Consideracións xerais

2. "O contido dos plans xerais de ordenación municipal deberá ser congruente cos fins que no mesmo se determinen e adaptarse ás características e complexidade urbanística do territorio que sexa obxecto da ordenación, garantindo a coordinación dos elementos fundamentais dos respectivos sistemas xerais."
- 3.- "Así mesmo, o plan xeral deberá garantir a coherencia interna das determinacións urbanísticas, a viabilidade técnica e económica da ordenación proposta, o equilibrio dos beneficios e cargas derivados do plan entre as distintas áreas de reparto, a proporcionalidade entre o volume edificable e os espazos libres públicos de cada ámbito de ordenación e a participación da Comunidade nas plusvalías xeradas en cada área de reparto"

Art. 53.- Determinacións de carácter xeral.

- 1.e "Estrutura xeral e orgánica do territorio integrada polos sistemas xerais determinantes do desenvolvemento urbano e, en particular, polos sistemas xerais de comunicacións e as súas zonas de protección, de espazos libres e zonas verdes públicas, de equipamento comunitario público e de servizos urbanos.
En calquera caso, indicárase para cada un dos seus elementos non existentes os seus criterios de deseño e execución e o sistema de obtención dos terreos."

Art. 60.- Estratexia de actuación e estudo económico

1. "Os plans xerais de ordenación municipal conterán a

estratexia para o desenvolvemento coherente do plan e, en particular, determinarán a execución dos sistemas xerais que haxan de crearse necesariamente para o desenvolvemento das áreas de solo urbano non consolidado e dos sectores de solo urbanizable delimitado.

2. Así mesmo, determinarán os ámbitos de actuación preferente en solo urbano non consolidado e en solo urbanizable delimitado, para os que haberán de fixarse os prazos e condicións en que teñan que ser executadas as actuacións públicas programadas ou privadas concertadas cos particulares, así como as determinacións da ordenación detallada sen necesidade de remisión ó planeamento de desenvolvemento.

3. O plan xeral de ordenación municipal conterá unha avaliación do custe de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, con indicación do carácter público ou privado da iniciativa de financiación, xustificando as previsións que haxan de realizarse con recursos propios do Concello.

No suposto de que se atribúa a financiación a administracións ou entidades públicas distintas do municipio, deberá acreditarse a conformidade das mesmas.”

Art. 61.- Documentación

1.- “As determinacións do plan xeral de ordenación municipal a que se fai referencia nesta sección desenvolveranse nos seguintes documentos, co contido que se fixe regulamentariamente:

- a) Memoria xustificativa dos seus fins e obxectivos, así como das súas determinacións.
- b) Estudio do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional.
- c) Estudio de sostenibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico.
- d) Planos de información.
- e) Planos de ordenación urbanística do territorio.
- f) Normas urbanísticas.

- g) Estratexia de actuación e estudo económico,
- h) Catálogo de elementos a protexer ou recuperar
- i) Informe ou memoria de sustentabilidade económica
- i) Aqueles outros que se estimen necesarios para reflexar adecuadamente as súas determinacións.

Art. 166.- Obtención dos sistemas xerais.

1. Os terreos destinados a sistemas xerais que deban de implantarse sobre solo rústico ou urbano consolidado obteranse mediante expropiación forzosa, por convenio entre a Administración e o propietario ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio municipal do solo.

Tanto no suposto do convenio como no caso da permuta forzosa taxarase previamente polos técnicos municipais o valor dos terreos a obter e o dos aproveitamentos ou solos municipais conforme aos criterios de valoración establecidos na lexislación estatal aplicable.

2. A expropiación dos terreos de sistemas xerais deberá realizarse dentro dos cinco anos seguintes á aprobación do planeamento detallado que lexitime a súa execución.

3. Os terreos destinados polo planeamento a sistemas xerais en solo urbano non consolidado e en solo urbanizable ou, no seu caso, solo rústico incluído nun área de reparto obteranse:

- a) Por cesión obrigatoria derivada da súa inclusión ou adscrición nun área de reparto e no correspondente polígono.
- b) Por ocupación directa.
- c) Por permuta forzosa.
- d) Mediante expropiación forzosa.
- e) Por convenio urbanístico, debendo incluírse entre as súas cláusulas as previsións necesarias para compensar aos propietarios, ben en metálico ou ben mediante aproveitamento lucrativo de titularidade municipal.

En síntese e en base á lexislación urbanística, tratase de recoller todas aquelas actuacións de desenvolvemento previstas, que haberán de ser

compatibles coa capacidade xestora e inversora, tanto do Concello, como das demais administracións implicadas no Plan.

Agora ben, as actuacións propostas no Plan non poden reducirse a aquelas que poden executarse no marco das disponibilidades de xestión ou inversión do Concello, sino que haberán de terse en conta as necesarias aportacións de outros Organismos Públicos.

As actuacións previstas no Plan, ordénanse nun listado, seleccionando e organizando a prioridade da súa execución. Esta relación constituirá a chamada Estratexia de Actuación, a que se vincula a vontade municipal (e formalmente ás demais Administracións) de xestión e inversión e, no seu caso, as actuacións concertadas con particulares, así como os prazos para o seu desenvolvemento e as condicións específicas establecidas para o mesmo.

No estudio económico recollerase o custe económico previsto de tódalas actuacións do listado da estratexia de actuación, a iniciativa de financiación, con xustificación das previsións de financiación atribuídas ó Concello e as previsións de financiación atribuídas a outras Administracións acreditando o compromiso das mesmas.

2.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN

Polo exposto no apartado anterior neste apartado relacionaranse as actuacións propostas polo Plan, analizando e organizándoas no tempo segundo a prioridade da súa execución.

No Plan Xeral de Muxía clasifícanse dúas áreas como solo urbano non consolidado.

O listado de actuacións que se contemplan na estratexia de actuación inclúe:

- Actuacións previstas:
 - Dúas áreas de solo urbano non consolidado
 - Execución de novos sistemas xerais.
 - Execución de sistemas locais.
 - Adecuación de sistemas xerais existentes
- Actuacións infraestruturais que deban de realizarse previa ou simultaneamente aos desenvolvementos previstos.

Vincúlase a relación de actuacións co Estudio Económico, relacionando as dispoñibilidades presupostarias, polo que se vinculan ás actuacións previstas á vontade municipal de xestión e inversión. Para isto realízase unha estimación do custe de cada unha de elas, sinalando para cada actuación:

a) O mecanismo de xestión para a obtención do solo.

b) A estimación dos seguintes custes:

- Solo
- Infraestruturas.
- Urbanización.

c) Distribución de custes de cada actuación, entre os responsables da súa financiación, distinguindo entre o Concello, Administracións Públicas e por outra banda as inversións asignadas ao sector privado e particulares.

As accións contempladas na Estratexia do Plan poderán revisarse cando se produza algunha das seguintes hipóteses

- Cando calquera organismo público se decida a acometer obras que alteren a estratexia de Plan.

- Cando o Concello, por causas xustificadas, o considere necesario para mellorar a xestión e desenvolvemento do Plan Xeral.

2.1.- Relación de actuacións.

2.1.1.- Areas de solo urbano non consolidado.

Existen dúas áreas de solo urbano non consolidado

POLÍGONO	SUPERFICIE BRUTA m ²
P 1	4.506
P 2	7.019

2.1.2.- Areas de solo urbanizable.

Existe unha área de solo urbanizable non delimitado industrial

SUNDI	SUPERFICIE BRUTA m ²
P.I. Muxía	85.174

2.1.3.- Sistema xeral de equipamentos.

As actuacións contempladas no sistema xeral de equipamentos son as seguintes:

DENOMINACIÓN	DESCRICIÓN	OBTENCIÓN TERREOS
Gardería infantil	Edificio escolar que completa a oferta educativa en Muxía	Expropiación
Edificio de Usos Múltiples Os Muíños	Edificio de uso administrativo que servirá tamén de almacén á maquinaria municipal	Público

2.1.4.- Sistema xeral de espazos libres e zonas verdes.

As actuacións contempladas no sistema xeral de espazos libres e zonas verdes son as que se relacionan a continuación.

Nalgúns casos trátase da adecuación de zonas verdes xa pertencentes ao concello pero que non se atopan urbanizadas para o uso previsto.

Noutros casos trátase de reservas de solo de propiedade privada que xorden desde a obrigaón de que o Plan Xeral realice a reserva de solo necesaria para completar os estándares mínimos do art. 47 da Lei 9/02.

No proceso de execución das zonas verdes clasificadas como solo rústico, o primeiro paso será a consecución dos terreos segundo os procedementos indicados no Art. 166 da Lei 9/02. As posibilidades legais de obtención de ditos terreos son a expropiación forzosa, convenio entre administración e propietario ou permuta forzosa con terreos do patrimonio municipal do solo.

DENOMINACIÓN		DESCRIPCIÓN	OBTENCIÓN TERREOS
SXZV 4	Espazo verde antigo vertedoiro	Acondicionamento do antigo vertedoiro xa selado coma espazo verde	Expropiación e Municipal
SXZV 6	Paseo fluvial e zona verde nos Muíños	Ámbito que aproveite a existencia de muíños para configurar unha zona verde de paseo fluvial na que deberase: <ul style="list-style-type: none"> • Acondicionar sendas peonís. • Manter a vexetación existente. • Ubicación de mobiliario tipo grellas, mesas e bancos e xogos infantís. • Acondicionamento si se pode dunha zona de baño. 	Expropiación e Municipal
SXZV 8b	Paseo do Coído	Continuación do paseo marítimo xa iniciado e conexión co parque etnográfico	Expropiación
SXZV 11	Zona Verde no Monte do Corpiño	Monte que se pretende deixar no seu estado actual mantendo e consolidando os peches de pedra existentes e acondicionando a iluminación, sendas peonís, etc	Expropiación
SXZV 12	Zona verde ao carón da praia de Nemiña	Para o acondicionamento desta zona verde que é unha zona dunar deberase: <ul style="list-style-type: none"> • Acondicionar sendas peonís. • Manter a vexetación existente. • Sinalización e carteis explicativos da vexetación e medidas de protección. 	Municipal
PESXZV 1	Espazo recreativo	Para o seu acondicionamento como zona	Expropiación

DENOMINACIÓN		DESCRIPCIÓN	OBTENCIÓN TERREOS
	nas Caldeiras do Río Castro	<p>verde de carácter arqueolóxico deberase configurar o ámbito como un parque integrado na zona na que se ubica:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Acondicionamento de sendas peonís. • Mantemento do arborado e brezais existentes • Sinalización e carteis explicativos da vexetación e medidas de protección. • Sinalización e carteis explicativos das zonas arqueolóxicas e medidas de protección • Configurar o ámbito como un parque integrado na zona de bosque –espazo natural fluvial na que se ubica: acondicionamento de sendas peatonais; mantemento do arborado existente; ubicación de mobiliario tipo barbacoas, mesas e bancos; xogos infantís ao tempo que se mantén a área de baños e o paseo peonil existente no río. • Integración paisaxística das zonas de aparcadoiros. 	
PESXZV 2	Paseo marítimo da praia de Espiñeirido	<p>Para acondicionar esta zona como paseo marítimo deberase:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Construción dunha pasarela que lle de continuidade á xa existente. • Acondicionamento de zonas verdes e áreas recreativas. • Mellora dos camiños de acceso para o tráfico rodado. • Integración paisaxística das zonas de aparcadoiros. 	Expropiación
PESXZV 3	Paseo marítimo da praia de Area Maior	<p>Para acondicionar esta zona como paseo marítimo deberase:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Construción de pasarelas que permitan un acceso á praia a través da zona dunar. • Acondicionamento dunha zona deportiva ao aire libre. • Acondicionamento de zonas verdes e áreas recreativas. • Mellora dos camiños de acceso para o tráfico rodado. • Integración paisaxística das zonas de aparcadoiros. 	Expropiación
PESXZV 4	Parque	Para o seu acondicionamento como zona	Expropiación

DENOMINACIÓN		DESCRIPCIÓN	OBTENCIÓN TERREOS
	Etnográfico	<p>verde de carácter etnográfico e cultural deberase configurar o ámbito como un paseo- parque integrado na zona na que se ubica:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Acondicionamento e mantemento dos peches tradicionais existentes. • Acondicionamento das sendas peonís existentes abrindo só aquelas que se necesiten para a continuación do paseo. • Mantemento de brezais existentes. • Sinalización e carteis explicativos da vexetación e medidas de protección. • Sinalización e carteis explicativos das zonas de peches e medidas de protección. • Sinalización adecuada dos usos e actividades permitidas e prohibidas. • Zonas delimitadas dentro de certas parcelas con mobiliario tipo mesas e bancos. • Zonas de xogos infantís. 	

2.1.5.- Sistema xeral viario

As actuacións previstas no sistema xeral viario son as seguintes:

DENOMINACIÓN		SUPERFICIE (m ²)
SXV 2	CONEXIÓN AC-440 E CP- 5201	9.584
SXV 3	APARCADOIRO PRAIA LAGO	901
SXV 4	APARCADOIRO PRAIA OS MUÍÑOS	3.267
SXV 5	APARCADOIRO PRAIA LOURIDO	1.631
SXV 6	APARCADOIRO PRAIA BARREIROS	700
SXV 7	APARCADOIRO PRAIA BARREIRA	3.677

Sistema de obtención solo: expropiación, salvo unha parte do SXV2 que coincide cun camino municipal existente (1390 m²)

A execución do sistema xeral viario SXV 2 precisará da previa realización dun estudo de impacto e integración paisaxística

2.1.6.- Sistema xeral de infraestruturas de abastecemento e saneamento:

Reforzos dos depósitos municipais para abastecemento:

Depósito municipal	Reforzo (m ³)
Depósito Muxía	200
Depósito de Sobremonte	50

Reforzo das tubarías:

Tramo 2	Ø	Lonxitude (m)
Sector A-B	125	1290
Sector B-C	90	32

Reforzo da depuradora municipal para saneamento:

Depuradora municipal	Reforzo (hab. eq)
Depuradora de Muxía	4500
Depuradora de Os Muíños	1300
Depuradora de Senande	900
Depuradora de Quintáns	700
Depuradora de Sendón	180
Depuradora de A On	180

2.1.7.- Sistema local de equipamentos

As actuacións previstas para sistemas locais de equipamento son:

- Equipamento deportivo apegado ao Polideportivo municipal localizado no P-2 de SUNC.
Sistema de obtención solo: cesión
- Equipamento municipal localizado no SUNDI.
Sistema de obtención solo: cesión
- Ampliación do cemiterio parroquial de San Xoán en Bardullas. Esta actuación é de iniciativa privada
- Rehabilitación de edificio abandonado ao carón de Igrexa de Trasufre para equipamento de tipo social.
Sistema de obtención solo e edificio: expropiación

2.1.8.- Sistema local de espazos libres e zonas verdes

As actuacións previstas para sistemas locais de zonas verdes son:

- Zona verde apegada ao SXZV-11 localizado no P-1 de SUNC. Daráselle unha continuidade de tratamento ao SXZV-11.
Sistema de obtención solo: cesión
- Zona verde apegada a rúa cara á Igrexa Parroquial de Muxía localizada no P-1 do SUNC. Ámbito que se configurará unha zona verde urbana.
Sistema de obtención solo: cesión
- Zona verde apegada ao I.E.S. Ramón Caamaño localizada no P-2 do SUNC. Zona que se configurará como un xardín urbano.
Sistema de obtención solo: cesión
- Zona verde apegada a mazá de SUC localizada no P-2 do SUNC. Zona que se configurará como un xardín urbano.
Sistema de obtención solo: cesión
- Zona verde localizada no SUNDI.
Sistema de obtención solo: cesión

2.1.9.- Sistema local viario

As actuacións previstas para sistemas locais viarias son:

- Creación dunha glorieta nas proximidades do núcleo rural de Os Muíños que permitirá a mellora dos accesos á Praia de Area Maior.
Sistema de obtención solo: expropiación
- Ampliación viario na Rúa Virxen da Barca
Sistema de obtención solo e vivenda en ruínas: expropiación
- Creación dun viario para darlle conexión a estrada que vai cara Figueiras de Abaixo nun punto que non sexa dende a AC-440.
Sistema de obtención solo: expropiación (excepto un pequeno treito de camino xa existente 80 m²).

3.- ESTUDIO ECONÓMICO

Para a avaliación económica consideráronse os custes de obtención do solo e os custes de urbanización e obras.

Aínda cando é moi probable que na financiación da execución dos sistemas xerais se impliquen outros organismos (Deputación, Xunta, Comunidade Económica Europea, etc.) a inexistencia de actuacións públicas programadas obríganos a non telos en consideración e realizar o estudo económico coa hipótese de que os únicos recursos dispoñibles son os propios do concello.

A continuación amósase unha táboa resumo co valor unitario empregado para o cálculo da obtención do solo de cada unha das actuacións previstas, tendo en conta os valores de prezos medios de mercado establecidos pola Consellería de Facenda, na Orde de 27 de decembro de 2013 pola que se desenvolve o medio de comprobación de valores de prezos medios de mercado aplicable a determinados inmobles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galicia e se aproban os prezos medios no mercado aplicables no exercicio 2014.

Ademais para o cálculo de determinados valores en solo urbano e núcleo rural, empregouse a ponencia de valores de Muxía de 2013:

Pol	Modulo Básico de Construción	Módulo Básico de Repercusión do solo	VRB
Muíños	550	100	R55
Muxía	550	100	R50
NR	550	100	R59

Valores de cambio:

Z. Valor	Vivenda	Comercial	Oficinas	Industria	Turístico	Garaxe/ rochos/ adxunto	Z.Verde	Equipam.	GB	NU Redución
R46	134	134	134	80,40	134	20:10	100,50	100,50	1:25	0,60
R50	80	80	80	48,00	80	18:00	60,00	60	1:20	0,60
R55	52	52	52	31,20	52	18:00	39,00	39	1:15	0,60
R59	30	30	30	30,00	30	18:00	22:50	22:50	1:10	0,60

Valores unitarios:

Z. Valor	val. Unit.	Z.Verde	Equipam.	GB	NU Redución
U45	42	4,2	31,5	1:15	0,60
U48	24	2,4	18	1:10	0,60
U51	14	1,4	10,5	1:10	0,60
U55	6	0,6	4,5	1:05	0,60

ACTUACIONES SX	valor básico rústico	índice de cultivo	expoñente de cultivo	Ic^Ec	índice de parroquia	expoñente de parroquia	Ip^Ep	índice de acceso	expoñente de acceso	Ia^Ea	Valor unitario	Z. Valor Ponencia catastro
SXV 2	0,54	1,3	1,1	1,33	1,3	0,89	1,26	1,4	0,89	1,35	1,23	
SXV 3	0,54	1,3	1,1	1,33	2	0,89	1,85	3,3	0,89	2,89	3,86	
SXV 4	0,54	2	1,1	2,14	1,3	0,89	1,26	3,3	0,89	2,89	4,23	
SXV 5	0,54	1	1,1	1	1	0,89	1	3,3	0,89	2,89	1,56	
SXV 6	0,54	1	1,1	1	1,4	0,89	1,35	3,3	0,89	2,89	2,11	
SXV 7	0,54	1	1,1	1	2	0,89	1,85	3,3	0,89	2,89	2,90	
SX EQ Gardería Muxía											--	U48
SX EQ SM Muíños												
SXZV 4	0,54	1	1,1	1	1,7	0,89	1,60	3,3	0,89	2,89	2,51	
SXZV 6 (en SR con acceso)	0,54	1,3	1,1	1,33	2,9	0,89	2,58	3,3	0,89	2,89	5,38	U45
SXZV 6 (en SR sen acceso)	0,54	1,3	1,1	1,33	2,9	0,89	2,58	1	0,89	1	1,86	U45
SXZV 6 (en NR)	0,54	5	1,1	5,87	2,9	0,89	2,58	6	0,89	4,93	40,30	U45
SXZV 8b												R55
SXZV11	0,54	1	1,1	1	1,7	0,89	1,60	3,3	0,89	2,89	2,51	
SXZV 12												
PESXZV 1	0,54	2	1,1	2,14	0,6	0,89	0,63	3,3	0,89	2,89	2,13	
PESXZV 2	0,54	1	1,1	1	1,3	0,89	1,26	3,3	0,89	2,89	1,97	
PESXZV 3	0,54	1	1,1	1	1,3	0,89	1,26	3,3	0,89	2,89	1,97	
PESXZV 4	0,54	1	1,1	1	1,7	0,89	1,60	3,3	0,89	2,89	2,51	U48

ACTUACIONES SL	valor básico rústico	índice de cultivo	expoñente de cultivo	Ic^Ec	índice de parroquia	expoñente de parroquia	Ip^Ep	índice de acceso	expoñente de acceso	Ia^Ea	Valor unitario	Z. Valor Ponencia catastro
SLV 1	0,54	5	1,1	5,87	2,9	0,89	2,58	6	0,89	4,93	40,30	U48
AMPLIACIÓN R/ VIRXEN DA BARCA												R50
SLV 2	0,54	2	1,1	2,14	1,8	0,89	1,69	3,3	0,89	2,89	5,65	
AMPLIACIÓN CEMITERIO PQ. BARDULLAS	0,54	5	1,1	5,87	1,4	0,89	1,35	6	0,89	4,93	21,08	
LOCAL SOCIAL DE TRASUFRE	0,54	5	1,1	5,87	1,4	0,89	1,35	6	0,89	4,93	21,08	U55
SLEQ P-2												U45
SLZV P-1												R55
SLZV P-2												U45

A.- INVENTARIO DE ACTUACIONES NO SISTEMA XERAL VIARIO

DENOMINACIÓN	Superficie m ²	SISTEMA OBTENCIÓN SOLO	CUSTES			FINANCIAMENTO		
			SOLO	OBRAS	TOTAL	PARTICULARES	CONCELLO	ADMONS. PUBLICAS
SXV 2	8.194	Expropiación	10079	97548	107626		107626	
	1.390	Municipal	0	16548	16548		16548	
SXV 3	901	Expropiación	3478	65890	69368		69368	
SXV 4	3.267	Expropiación	13819	238916	252735		252735	
SXV 5	1631	Expropiación	2549	119275	121824		121824	
SXV 6	700	Expropiación	1476	97000	98476		98476	
SXV 7	3677	Expropiación	10648	268899	279547		279547	
TOTAL			42049	904076	946124		946124	

B.- INVENTARIO DE ACTUACIONES NO SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS

DENOMINACIÓN	Superficie m ²	SISTEMA OBTENCIÓN SOLO	CUSTES			FINANCIAMENTO		
			SOLO	OBRAS	TOTAL	PARTICULARES	CONCELLO	ADMONS. PUBLICAS
GARDERÍA INFANTIL	689	Expropiación	12402	*	12402		12402	
EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES	5.486	Municipal	0	*				
TOTAL			12402		12402		12402	

* Non se realiza estimación do custe das obras dado que se descoñece a entidade da edificación de equipamento e o prazo de execución.

C.- INVENTARIO DE ACTUACIÓN NO SISTEMA XERAL DE ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES

DENOMINACIÓN		CLASE SOLO	SISTEMA OBTENCIÓN SOLO	Superficie m ²	CUSTES			FINANCIAMENTO			
					SOLO	OBRAS	VALORACIÓN CONSTRUCCIÓN EXISTENTES	TOTAL	PARTICULARES	CONCELLO	ADMONS. PUBLICAS
SXZV 4	Espazo verde no antigo vertedoiro	SR	Expropiación	2474	6210	12370		18580		18580	
		SR	Municipal	1584	0	7920		7920		7920	
SXZV 6	Paseo fluvial e zona verde nos Muíños	SR	Expropiación	11423	47976	57114		105090		105090	
		SR	Municipal	8509	0	42546		42546		42546	
		SR	Expropiación	10200	42841	0		42841		42841	
		SR	Municipal	266	0	0		0		0	
		NR	Expropiación	4143	17401	20716		38117		38117	
SXZV 8b	Paseo do Coído	SU	Expropiación	1.018	2443	102151	246038	350632		350632	
SXZV-11	Espazo Verde no Monte do Corpiño	SR	Expropiación	46724	117277	233620		350897		350897	
SXZV 12	Espazo Verde ao carón da praia de Nemiña	SR	Municipal	82.147	0	410735		410735		410735	
PESXZV-1	Espazo Verde nas Caldeiras do Río Castro	SR	Expropiación	76.467	162875	382335		545210		545210	
PESXZV 2	Paseo marítimo da praia de Espiñeirido	SR	Expropiación	21.926	43194	153550		196744		196744	
PESXZV 3	Paseo marítimo da praia de Area Maior	SR	Expropiación	14.869	29292	96365		125657		125657	
PESXZV-4	Parque Etnográfico	SR	Expropiación	69.233	150384	299570		449954		449954	
TOTAL					619893	1818992		2684923		2684923	

D.- INVENTARIO DE ACTUACIÓN NO SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS (ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO):

DENOMINACIÓN	CAPACIDADE		CUSTES			FINANCIAMENTO		
			SOLO	OBRAS	TOTAL	PARTICULARES	CONCELLO	ADMONS. PUBLICAS
Reforzo Depósito Muxía	200	m ³		24000	24000		24000	
Reforzo Depósito Sobremonte	50	m ³		16500	16500		16500	
tramo 2 Sector A-B: tubo DIAM 125	1290	m		20640	20640		20640	
tramo 2 Sector B-C: tubo DIAM 90	32	m		464	464		464	
Reforzo Depuradoras Muxía	4500	Hab eq		460000	460000		460000	
Reforzo Depuradoras Os Muíños	1300	Hab eq		150000	150000		150000	
Reforzo Depuradoras Senande	900	Hab eq		105000	105000		105000	
Reforzo Depuradoras Quintáns	700	Hab eq		88000	88000		88000	
Reforzo Depuradoras Sendón	180	Hab eq		40000	40000		40000	
Reforzo Depuradoras A On	180	Hab eq		40000	40000		40000	
TOTAL				944604	944604		944604	

E.- INVENTARIO DE ACTUACIONES EN SISTEMAS LOCAIS:**VIARIO:**

DENOMINACIÓN	CLASE SOLO	Superficie	SISTEMA OBTENCIÓN SOLO	CUSTES				FINANCIAMIENTO		
				SOLO	OBRAS	VALORACIÓN CONSTRUCCIONES EXISTENTES	TOTAL	PARTICULARES	CONCELLO	ADMONS. PUBLICAS
GLORIETA EN OS MUÍÑOS (SLV1)	NR	451	Expropiación	1082	32982		34064		34064	
AMPLIACIÓN VIARIO RÚA VIRXE DA BARCA	SU	57	Expropiación	6840	11393	2822	21055		21055	
VIARIO ACCESO FILGUEIRAS ABAIXO (SLV 2)	SR	567	Expropiación	3204	41465		44668		44668	
	SR	80	Municipal	0	5850		5850		5850	
TOTAL				11126	91690		105637		105637	

EQUIPAMENTOS:

DENOMINACIÓN	CLASE SOLO	Superficie	SISTEMA OBTENCIÓN SOLO	CUSTES				FINANCIAMIENTO		
				SOLO	OBRAS	VALORACIÓN CONSTRUCCIONES EXISTENTES	TOTAL	PARTICULARES	CONCELLO	ADMONS. PUBLICAS
EQUIPAMENTO LOCAL SOCIAL EN TRASUFRE	NR	415	Expropiación	1868	*	3069	4937		4937	
TOTAL				1868	*		4937		4937	

* Non se realiza estimación do custe das obras dado que se descoñece a entidade e a edificación de equipamento e o prazo de execución.

RESUMEN DE CUSTES ACTUACIÓN

DENOMINACIÓN		FINANCIAMENTO		
		PARTICULARES	CONCELLO	ADMINIST. PUBLICAS
A	SISTEMA XERAL VIARIO		946124	
B	SISTEMA XERAL EQUIPAMENTOS		12402	
C	SISTEMA XERAL ZONAS VERDES		2684922	
D	SISTEMA XERAL INFRAESTRUTURAS		944604	
E	SISTEMAS LOCAIS	VIARIO	105638	
		EQUIPAMENTOS	4937	
TOTAL			4698627	

* Na estimación do custe das obras, tívose en conta o presuposto de execución material

4.- XUSTIFICACIÓN DA INVERSIÓN MUNICIPAL.

De acordo co orzamento municipal do ano 2.013 as inversións realizadas en obras públicas ascenden á cantidade de 833.759,98 euros, o cal representa un 25,58 % do total dos gastos.

Neste senso as inversións que se asignan no concello no estudio económico supoñen 4.698.627 euros. Esta inversión non se realizará nunha anualidade senón que deberá de ser distribuída segundo o resto de necesidades municipais.

Estimando unha distribución das inversións derivadas do Plan Xeral nun mínimo de 16 anualidades correspondería unha media aproximada de 293.664,16 euros anuais. Dita cantidade representa o 9,01 % do presuposto de gastos, cantidade asumible polas arcas municipais sen necesidade de recorrer a ningún tipo de crédito. No caso probable de dispoñer dalgún tipo de aportación doutra administración este porcentaxe veríase diminuído ou ben acurtado o período previsto para a execución da totalidade das actuacións previstas.

Se ben non existen a día de hoxe compromisos doutras administracións para acometer ningunha das inversións previstas, polo cal asígnaselle ao concello o total da inversión, e moi probable que algún destes acordos chegue a producirse, de este xeito a inversión municipal veríase reducida.

Nesta sentido, existe unha partida fixa anual que recibe o Concello da Deputación Provincial da Coruña dentro do “plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal” (POS) cuxo propósito é levar a cabo inversións nos municipios que contribúan a garantir a prestación dos servizos municipais e axudar a financiar o gasto corrente municipal. Así, no POS do 2014, Muxía recibiu 276.700 euros, cantidade que practicamente cubriría o gasto anual derivado da execución do PXOM, sen ter en conta outras aportacións doutras administracións.

No Anexo I axúntase o presuposto municipal do ano 2.013, onde se poden comprobar os datos mencionados anteriormente.

A Coruña, Abril de 2016
O DIRECTOR DO EQUIPO

D. Ángel Delgado Cid
Colexiado nº 4.657

ANEXO I
RESUME ORZAMENTO 2.013

GASTOS DO ORZAMENTO DO 2013:

GASTOS ORZAMENTARIOS	
1. GASTOS DE PERSOAL	1.365.111,21
2. GASTOS EN BESN CORRENTES	938.984,04
3. GASTOS FINANCEIROS	815,92
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	114.243,31
6. INVERSIÓNS REAIS	833.759,98
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8. ACTIVOS FINANCEIROS	6.215,87
9. PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL	3.259.130,33

INGRESOS DO ORZAMENTO DO 2013:

INGRESOS ORZAMENTARIOS	
1. IMPOSTOS DIRECTOS	759.238,24
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	551.515,40
3. TASAS E OUTROS INGRESOS	398.444,35
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.684.065,06
5. INGREOSOS PATRIMONIAIS	28.634,60
6. ENAXEN. INVERSIÓNS REAIS	0,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	466.418,18
8. ACTIVOS FINANCEIROS	4.962,43
9. PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL	3.893.277,96